

ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE UN OFICIAL 1ª ELECTRICISTA NO CONCELLO DE PONTEAREAS.

Na Casa do Concello de Ponteareas, 13 de xaneiro de 2020, sendo as 10,30 horas, baixo a presidencia de don MANUEL MARTÍNEZ PÉREZ, reúnese o tribunal da valoración curricular e entrevista para a selección de un oficial 1ª electricista no Concello de Ponteareas, formado polos señores: don BENIGNO MOLDES ÁLVAREZ, JOSÉ DOMÍNGUEZ RICÓN (Vogais), actuando como Secretario o funcionario don JOSÉ GONZÁLEZ MONTERO.

Unha vez constituído o Tribunal, procédese a chamar aos candidatos que remitiu o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG)

Dos cinco candidatos que figuraban na listaxe, presentáronse dous:

- D. JOSE MANUEL BARCO VEGA
- D. GERSON GIL SANTOS.

Non se presentaron:

- ENRIQUE MANUEL NOVAS ESTELA
- JOSE RODRÍGUEZ REIJAS
- MANUEL ÁNGEL UBEIRA DAVILA

En primeiro lugar, e por orde alfabética, chamouse a don JOSE MANUEL BARCO FARRAPEIRA, e solicitóuselle a documentación que debería aportar para poder optar á praza, segundo as bases da convocatoria.

Unha vez presentada a documentación, se procedeu por parte do Tribunal a levar a cabo a entrevista.

Posteriormente, o Tribunal chamou ao segundo aspirante, don GERSON GIL SANTOS, procedendo do mesmo xeito que o anterior aspirante.

Rematadas as entrevistas o Tribunal procedeu á baremación curricular dos candidatos.

Fáise constar que ningún dos dous candidatos acompañou á súa vida laboral certificado de servizos prestados ou contratos, polo que non se lle puido puntuar neste apartado.

O resultado das puntuacións foi o seguinte:

PUNTUACIÓN DEFINITIVA:

APELIDOS E NOME	VALORACIÓN CURRICULAR	ENTREVISTA	TOTAL PUNTOS
BARCO VEGA JOSE MANUEL	1,50	2	3,50
GIL SANTOS GERSON	3,10	2	5,10

Á vista de todo o exposto este Tribunal propón a contratación do candidato que maior puntuación acadou, don GERSON GIL SANTOS, e en caso de renuncia que se contrate ao seguinte da lista definitiva de puntuación final.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, ás 11,30 horas do mesmo día, polo Presidente levántase a sesión da que eu, Secretario do Tribunal, dou fe,

RECURSOS:

Contra a presente acta que contén a lista definitiva de puntuacións, poderase interpoñer recurso de Alzada ante o Sr. Alcalde no prazo dun mes, a partir do día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asdo./ JOSÉ GONZALEZ MONTERO

Asdo./MANUEL MARTÍNEZ PÉREZ

Asdo./BENIGNO MOLDES ÁLVAREZ

Asdo./JOSÉ DOMÍNGUEZ RICÓN